



# Asociación de Gaiteiros Galegos

I Congreso de Ensinantes de Música Tradicional Galega

*organizan:*



Asociación de Gaiteiros Galegos  
Apelo de Canteiros · Música · A Escola



Embalsaración Intercomunal Galega  
ENBINO



ASOCIACIÓN  
DE GAITEIROS  
GALEGOS

*patrocinan:*



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE  
Dirección Xeral de Creación  
e Difusión Cultural



CONCELLO DE  
SANTIAGO  
Concellaría de Cultura

*colabora:*



AUDITORIO DE GALICIA

## TÁBOA DE CONTIDOS

PRESENTACIÓN.....	3
OBXECTIVOS.....	3
CONTIDOS.....	4
ESTRUTURA ORGANIZATIVA .....	4
<i>Comité Científico:</i> .....	4
<i>Comité Organizador:</i> .....	4
<i>Secretaría Técnica:</i> .....	5
PROGRAMA.....	6
<i>Sábado 18 de novembro de 2006:</i> .....	6
<i>Domingo 19 de novembro de 2006:</i> .....	8
COMUNICACIÓNS .....	10
INSCRICIÓN.....	11
<i>Prezo da matrícula</i> .....	11
<i>Pago</i> .....	11
CRÉDITOS DE LIBRE ELECCIÓN.....	11
ALMANAQUE .....	12
SEDE .....	12
BOLETÍN DE INSCRICIÓN .....	13

## **PRESENTACIÓN**

O I Congreso de Ensinantes de Música Tradicional Galega pretende reunir a ensinantes e alumnado procedentes de diferentes situacións educativas para facer unha posta en común de experiencias, necesidades educativas e pautas posíbeis de actuación para mellorar a calidade do ensino da música tradicional galega.

Este I Congreso abarcará todos os ámbitos educativos da música tradicional existentes na actualidade en Galicia: escolas de música, conservatorios, asociacións culturais e centros de ensino obrigatorio. Tamén se incluírán a maioría das disciplinas que se imparten nos distintos centros: ensino de gaita, percusión, zanfona, canto e música na Educación Primaria e Secundaria. Trátase de non excluír a ningún profesor ou profesora, alumna ou alumno, para que toda a comunidade educativa da música tradicional se vexa implicada neste proxecto e poida tirar conclusións que lle axuden no seu traballo diario.

## **OBXECTIVOS**

Se ben é certo que nos últimos anos se observan certos avances na calidade do ensino da música tradicional galega, é necesario alentar o debate sobre os métodos de ensino utilizados, as necesidades educativas e os posíbeis problemas que todo ensinante ou alumno/a acha nas súas clases. Un debate para intercambiar experiencias prácticas e resultados de investigacións que poidan mellorar o ensino da música tradicional na actualidade.

De forma máis específica, os obxectivos do Congreso serán os seguintes:

- 1.- Analizar as principais experiencias educativas da música tradicional galega.
- 2.- Estudar diferentes metodoloxías didácticas tratando de sistematizar experiencias satisfactorias que poidan ser iluminadoras do traballo futuro.
- 3.- Intercambiar experiencias e resultados de investigacións relacionadas co perfeccionamento da formación dos docentes que imparten música tradicional.
- 4.- Propiciar o establecemento de formas de cooperación entre Conservatorios de Música, Escolas de música tradicional, Asociacións Culturais e Centros de Ensino Obrigatorio, que permitan elevar a calidade do ensino da música tradicional galega.

5.- Poñer en contacto ós profesores de música tradicional galega no exterior coas últimas tendencias desenvolvidas en Galicia no ámbito do ensino de la música tradicional. Facilitar, así mesmo, o intercambio de ideas entre os que exercen o ensino en Galicia e os que o están a facer fóra dela.

6.- Promover lazos de coñecemento, recoñecemento e confianza entre os distintos ámbitos educativos da música galega, co obxecto de permitir unha comunicación fluída de experiencias e para, eventualmente, poder pór en marcha iniciativas conxuntas.

## **CONTIDOS**

Conforme aos obxectivos sinalados, o Congreso estruturarase en torno a tres tipos de actividades: Sesións Plenarias, Relatorios e Comunicaci3ns.

As **Sesións Plenarias** están concibidas para promover o debate sobre aqueles temas centrais sobre os que se articula o Congreso. En forma de Mesas Redondas, as Sesións Plenarias contarán coa presenza de especialistas de distintos ámbitos educativos.

Os **Relatorios** e **Comunicaci3ns** están organizados en torno a ámbitos máis especializados de traballo e contarán coa presenza de especialistas destacados nos temas que aborden.

## **ESTRUTURA ORGANIZATIVA**

A estrutura proposta para o I Congreso de Ensinantes de Música Tradicional Galega é a habitual de calquera congreso científico, presentando un comité científico e un comité organizador. A secretaría do congreso estará a cargo da técnica de dinamización cultural da Asociación de Gaiteros Galegos.

### **Comité Científico:**

Xunta Directiva da Asociación de Gaiteros Galegos

### **Comité Organizador:**

Xunta Directiva da Asociación de Gaiteros Galegos

Iván Area Carracedo (Universidade de Vigo)

Carlos Real (Universidade de Santiago de Compostela)

Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade de A Coruña)

Xoán Costa Casas- Presidente da AS-PG

*Asociación de Gaiteros Galegos*

---

Antón Castro Rodríguez- CIG-Ensino

**Secretarias:** Sonsoles Martínez Jiménez

Astrid Filgueira Álvarez

**Secretaría Técnica:**

**Asociación de Gaiteros Galegos**

Rúa de Afonso XIII, 7. Oficina 8.

36002 Pontevedra.

[www.gaiterosgalegos.com](http://www.gaiterosgalegos.com)

**Telefone de contacto:** 986 847 074

**Correo electrónico:** [congreso@gaiterosgalegos.com](mailto:congreso@gaiterosgalegos.com)

## PROGRAMA

### Sábado 18 de novembro de 2006:

**10:00- 10:15.** PRESENTACIÓN E ENTREGA DE MATERIAL.

**10:15 – 11:15.** CONFERENCIA INAUGURAL

“A Música Tradicional Galega como ferramenta pedagóxica multidisciplinar”.

Relator: Xaime Estévez Vila

**11:15 – 12:15.** 1º RELATORIO.

Tema proposto: “Situación actual do ensino de música tradicional e propostas para o futuro”.

Relator: José Luís Dopico Orjais

**12:15 – 12:30.** DESCANSO

**12:30 – 13:15.** 2º RELATORIO.

“Proposta dunha linguagem musical aplicada para a música tradicional galega”.

Relator: Eduardo Méndez Baamonde.

**De 13:30 a 14:30**

Comunicacións.

---

**16:00 – 16:45.** 3º RELATORIO.

“O despertar da zanfona no ensino”.

Relator: Anxo Pintos.

**16:45 – 17:45.** 1ª SESIÓN PLENARIA.

“Estado actual do ensino da zanfona”.

Mesa redonda formada por Anxo Pintos,  
Óscar Fernández, Luís Correa.

**16:00 – 16:45.** 4º RELATORIO

“O ensino do canto tradicional”

Relator: Francisco J. Feijoo .

**16:45 – 17:45.** 2ª SESIÓN PLENARIA

“Situación actual do ensino do canto tradicional”

Mesa redonda formada por: Franciso J.  
Feijoo, Olga Kirk, Xabier Díaz,  
Mercedes Peón

**17:45- 18:45. 5º RELATORIO.**

“A aprendizaxe tradicional da gaita de fol”.

Relator: Pablo Carpintero

**18:45 - 19:00. DESCANSO.**

**19:00 – 20:00. 3ªSESIÓN PLENARIA**

“Institucións educativas na música tradicional”

Mesa redonda formada por Afonso Franco, Ugia Pedreira, Javier Jurado, Rosina Sobrido e Xosé Manuel Oliveira.

**20:00 - 21:00. 6º RELATORIO.**

Estudio da Repercusión Socioeconómica da Música Tradicional en Galicia organizado pola Fundación Sondeseu.

Relatores: Rodrigo Romaní e Manuel Amigo

**21:00 – 22:30. CONCERTO DIDÁCTICO.**

Concerto didáctico de presentación de instrumentos tradicionais galegos.

Concertista: Pablo Carpintero.

**Domingo 19 de novembro de 2006:**

**10:00 - 11:00.** 7º RELATORIO.

“O ensino da percusión tradicional en Galicia”.

Relator: Xaquín Xesteira (Xocas).

**11:00 – 12:00.** 4ª SESIÓN PLENARIA.

“Estado actual do ensino de percusión tradicional”.

Mesa redonda formada por Xaquín Xesteira, Lola Fernández, Xosé Manuel Fernández Costas, Xosé Lois Romero Cajigal e Francisco Estévez

**12:00 – 12:15.** DESCANSO.

**12:15 – 13:15.** 8º RELATORIO.

“O ensino do baile tradicional”.

Relator: Henrique Peón Mosteiro

**13:15 – 14:30.** 5ª SESIÓN PLENARIA.

“Metodoloxías e espazos para a aprendizaxe do baile”

Mesa redonda formada por: Henrique Peón, Luís Prego.

---

**16:00 – 17:00.** 6ª SESIÓN PLENARIA.

“Metodoloxías didácticas aplicadas á gaita galega”.

Mesa redonda formada por Xosé Manuel Oliveira, Suso Vaamonde, Bruno Villamor e Juanjo Fernández.

**17:00 – 18:00.** 7ª SESIÓN PLENARIA.

“Ensino oficial versus non oficial”.

Mesa redonda formada por Xaime Estevez, Xosé Lois Miguélez Saínza, Eduardo Méndez Baamonde, Xerardo F. Santomé, e Xoán Porto (Guancho).

*Asociación de Gaiteiros Galegos*

---

**18:00 – 18:45. COMUNICACIÓNS.**

**18:45 – 19:00. DESCANSO.**

**19:00 – 20:00. 8ª SESIÓN PLENARIA.**

“Situación actual do ensino da música tradicional nos centros de Primaria e Secundaria”.

Mesa redonda formada por Xosé Luís Rivas Cruz (Mini), Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero), Gloria Mosquera, Antón Castro, Paulo Nogueira.

**19:00 – 20:00. 9ª SESIÓN PLENARIA.**

“Influxos do ensino da música tradicional en Galicia na súa relación co folc”

Mesa redonda formada por Castor Castro, Pepe Vaamonde, Antón Rodríguez, Óscar Losada, Ernesto Campos.

**20:00 – 22:00. 10ª SESIÓN PLENARIA.**

“Os nosos mestres”

Mesa redonda formada por Henrique Otero, Antón Corral, Xosé Romero, Pepe Temprano.

## COMUNICACIÓNS

Toda persoa que queira expoñer algún tema relacionado co ensino da música tradicional poderá escribir unha comunicación e presentala no Congreso.

### As normas para a presentación de comunicacións serán as seguintes:

- O prazo de presentación dos resumos das comunicacións será dende o 1 ao 27 de outubro de 2006. O contido deberá ser enviado co seguinte formato: letra "Times New Roman", tamaño 12, interliñado sinxelo. O contido deberá incluírse nunha páxina como máximo (1 cara). Ademais deberán indicarse os datos persoais do autor/es que presenten a comunicación.
- A duración das comunicacións non deberá ser superior a 10 minutos de exposición.
- Os autores poderán redactar o traballo *in extenso* ata o 30 de outubro. Data límite para que todos os relatorios e comunicacións poidan ser incluídas na documentación oficial do Congreso.
- O envío das comunicacións e dos relatorios deberá realizarse por correo electrónico a:

[congreso@gaiteirosgalegos.com](mailto:congreso@gaiteirosgalegos.com)

ou por correo ordinario á Asociación de Gaiteiros Galegos, rúa de Afonso XIII nº7, oficina 8. 36002 Pontevedra.

## INSCRICIÓN

Deberase enviar o impreso de inscrición cumprimentado á Secretaría Técnica do Congreso, así como o xustificante do pago bancario por calquera dos seguintes medios:

- Por correo ordinario ao enderezo: Rúa de Afonso XIII, 7, oficina 8. 36002 Pontevedra, especificando no sobre "I Congreso de Ensinantes de Música Tradicional".

- Por correo electrónico a:

[congreso@gaiteirosgalegos.com](mailto:congreso@gaiteirosgalegos.com)

## Prezo da matrícula

Estudantes e/ou asociados da AGG, ASPG ou afiliados á CIG: 10 euros.

Outros: 25 euros.

Para poder beneficiarse dos descontos é necesario acompañar á documentación requirida, un xustificante que acredite dita condición. Estudantes: copia do resguardo da matrícula. Membros da AGG, ASPG ou CIG, carné ou similar.

## Pago

Ingreso ou transferencia bancaria a nome da Asociación de Gaiteiros Galegos no número de conta: **0182 0465 10 0200016989** indicando "Taxa inscrición I Congreso Ensinantes Música Tradicional Galega".

## CRÉDITOS DE LIBRE ELECCIÓN

Está en trámite na Universidade de A Coruña e concedido na de Vigo o recoñecemento de créditos de libre elección para os asistentes ao Congreso que así o soliciten. Para elo, requirirase control de asistencia e a certificación correspondente.

Tamén serán recoñecidos os puntos para os sexenios do profesorado de ensino primario e/ou secundario.

## **ALMANAQUE**

**1 de outubro – 15 de novembro de 2006.** Prazo de inscrición.

**1 de outubro- 27 de outubro de 2006.** Prazo de presentación de resumos das comunicacións.

**18 e 19 de novembro de 2006.** Celebración do Congreso.

## **SEDE**

**AUDITORIO DE GALICIA. Santiago de Compostela.**

Avda.. Burgo das Nacións s/n.

15705 Santiago de Compostela.

## BOLETÍN DE INSCRICIÓN

### DATOS PERSOAIS

Nome:			
Apelidos:			
DNI:			
Enderezo:			
Cidade:			
Cód. Postal:		Provincia:	
Correo-e:		Teléfono:	

### DATOS PARA A REDUCION DE MATRICULA

	SI	NON	
Estudiante:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	Acreditar con copia do resgardo da matrícula
Socio da AGG:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	Acreditar con copia do carné ou similar
Socio da ASPG:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Afiliado a CIG:	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	

### MESTRES ES PROFESORES DE ENSINO PRIMARIO E SECUDARIO

Se necesita certificado de número de horas para a solicitude de sexenios indique, se está en activo, o seu centro de traballo, se non, o seu Número de Rexistro Persoal:

--

### ESTUDANTES

	SI	NON
Necesita Certificado de asistencia para a validación de Créditos de Libre Elección?	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

### PREZO DA MATRICULA

Estudiantes, socios da AGG, ASPG e/ou afiliados á CIGA	<b>10 Euros</b>
Outros	<b>25 Euros</b>
<i>Ingresar como 'Taxas Congreso' na conta da AGG no BBVA 0182 0465 10 0200016989</i>	

### SINATURA E ENVIO

<b>Asdo:</b>	Achegar en persoa ou remitir por correo a:  <b>Asociación de Gaiteros Galegos</b> <b>Alfonso XIII, 7 - 2º, oficina 8</b> <b>36002 Pontevedra</b> <b>Teléfono 986 847 074</b>
--------------	---